

Título da obra: La Edad Madura

Autor: Camille Claudel

Cronoloxía: 1899

Estilo: Impresionismo

Material: Bronce

Ubicación: Museo de Orsay (París) y Museo Rodin (París)



Componse de tres partes constituídas polos personaxes, pódese observar a un home que tenta chegar a unha musa sendo atrapado por unha bruxa. A forma de representar o corpo humano por parte de Claudel é inaudita, consegue recrear a beleza en si mesma. Podemos ver a influencia de artistas como Rodin ou Boucher debido á súa forma realista no trato do corpo humano.

A figura do home, é acollida por unha muller de aparencia desagradable, grazas a un mal xesto facial e gran cantidade de engurras, quen o abraza mentres que detrás queda unha figura no chan implorante, separada do corpo principal que consegue transmitir ese patetismo buscado. A muller situada no chan busca alcanzalo pero non o consegue, a súa intención é afastarlo da bruxa que quere facelo seu.

Poderíamos considerar que o home, tras o paso do tempo, está a se afastar da mocidade quen é representada como a muller nova implorante, para deixarse levar pola madurez, personificada como a muller de peor aparencia.

Se non coñecésemos a historia de amor –revelada mediante as cartas enviadas da artista-, poderíamos interpretar a obra seguindo as idades do home. Tras madurar, damos paso á vellez abandonando a mocidade. Con todo, como sinalamos anteriormente, crese que o home representa a Rodin mentres que a bruxa remite a Rose Beurut, quen supuxo un obstáculo entre a artista e o seu admirado ensinante, mentres que o personaxe atrasado na marcha, lembra á mesma Camille suplicando a relación co artista. Por iso, considerouse a obra de forma autobiográfica.

Podémola atopar no Museo de Orsay e no Museo Rodin xa que do mesmo xeso realizáronse dúas fundicións. A obra conmoveu a gran parte da sociedade francesa debido á súa perfección formal.

A composición ten unha forma diagonal, acentuada polas extremidades das figuras e os corpos que descenden caéndose. Doutra banda, respecto ao soporte, podemos ver como o tratamento do chan non é o máis traballado. Este debería de transmitir firmeza mentres que transmite erosión. As figuras transmiten paixón e acción. É unha escena

moi dinámica como se pode ver no tratamento das vestimentas axitadas, parece que vaian separarse en calquera momento, xa que capta o instante anterior da separación dos corpos.

Para a súa creación, realizou diferentes versións. A primeira chamábase Grupo de Tres e compoñíase de tres figuras aínda que a intención da artista fose colocar unha árbore que dese centralidade. Todas as súas obras teñen unha gran forza expresiva que impactan no espectador. O seu estilo é totalmente propio, pero á vez remite a unhas formas rodinianas ou donatellescas.

